



PROCEDEMENTO

Aprobación do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral e Presidencia da Federación Galega de Orientación. Proceso electoral 2022-2025.

ANTECEDENTES

Primeiro. A Federación Galega de Orientación aprobou na súa Asemblea Xeral Extraordinaria do 9 de abril de 2022 o regulamento electoral para a elección de membros á Asemblea Xeral e á Presidencia da federación e o calendario electoral estimado do proceso electoral 2022-2025. A Asemblea Xeral delegou na Xunta Directiva ou na Presidencia a facultade de realizar as modificacións que indique, no seu caso, a Secretaría Xeral para o Deporte.

Segundo. O 11 de abril de 2022 a Federación Galega de Orientación remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o devandito regulamento electoral xunto coa acta da asemblea e unha proposta de calendario electoral na que se indican as datas estimadas de inicio e remate do proceso electoral.

Terceiro. O 6 de maio de 2022 o subdirector xeral de plans e programas da Secretaria Xeral para o Deporte devolveu á Federación Galega de Orientación o texto do regulamento electoral e do calendario electoral para a súa emenda, concedéndolle un prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde a recepción da súa notificación, para a súa nova remisión e aprobación definitiva

Cuarto. O 22 de maio de 2022 a Presidencia da Federación Galega de Orientación aproba o novo regulamento electoral e o calendario electoral incorporando as emendas formuladas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Quinto: O mesmo 22 de maio de 2022 a Federación Galega de Orientación remitiu á Secretaría Xeral para o Deporte o regulamento electoral e o calendario electoral corrixido pola Presidencia da federación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. Segundo o disposto no artigo 17.3 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deben rexer a realización dos procesos electorais nas federacións deportivas galegas, modificado polo Decreto 171/2021, do 23 de decembro: "A Secretaría Xeral para o Deporte resolverá, no





prazo máximo dun mes, desde a entrada do regulamento no seu rexistro, sobre a súa aprobación ou a súa devolución para a emenda daquelas normas do regulamento que non se axusten ao disposto no presente decreto. Neste último suposto, indicaranse estas e concederanse dez días hábiles para proceder á dita emenda. Transcorrido un mes sen que a Secretaría Xeral para o Deporte dite ningunha resolución entenderase aprobado o regulamento”.

2. O artigo 17.4. de dito Decreto establece que realizadas as modificacións, o novo regulamento remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa aprobación definitiva.

3. A resolución aprobatoria do regulamento electoral pola Secretaría Xeral para o Deporte esgotará a vía administrativa e unicamente poderá ser obxecto de recurso contencioso administrativo.

De conformidade con todo o indicado, este Secretario Xeral

Resolve: Aprobar o regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral e á Presidencia da Federación Galega de Orientación e o calendario electoral, aprobado pola Asemblea Xeral Extraordinaria do 9 de abril de 2022 e emendado pola Presidencia da Federación o 22 de maio de 2022.

En ningún caso poderase impugnar ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva o contido do regulamento.

A convocatoria das eleccións, xunto coa documentación do artigo 15.4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, se comunicará á Secretaría Xeral para o Deporte xunto coa certificación do/a secretario/a da Federación Galega de Orientación, no prazo de dous días hábiles desde a súa publicación.

Lembráselle que durante todo o proceso electoral debe estar a documentación na paxina web da federación na sección “eleccións 2022” na que deberá figurar tamén as actas da xunta electoral e cantos documentos electorais aprobe a Comisión Xestora.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei





XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Rúa Madrid 2-4, 2º, Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 881 996 342/43 - Fax: 881 996 346
E-mail: secretaria.deporte@xunta.es

galicia

29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral para o Deporte.
José Ramón Lete Lasa.

